



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO 11 DE XULLO DE 2018

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior (15/02/2018).
2. Propostas obras para Orzamentos Participativos 2018.
3. Información estado de obras realizadas na parroquia do Viso.
4. Rogos e preguntas.

No antigo preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día onde de xullo de dous mil dezaioito, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Daniel Boullosa Martínez, representante de AER.
- Margarita Acevedo Pereira, representante das asociacións veciñais.
- José Núñez Iglesias, representante das asociacións veciñais e o seu suplente José Antonio Martínez Conde.
- Fernando Veiga Estévez, representante da comunidade de montes.
- Luis Amoedo, representante do PSOE.
- Alberto Couñago Castellano, representante da comunidade de augas.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, Rebeca Rodríguez Castellano, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación acta sesión anterior.

Dase conta pola presidencia da acta da última xuntanza celebrada o 15.02.2018.

O Consello Parroquial do Viso, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

2. Propostas obras para Orzamentos Participativos 2018

Os asistentes afirman que polo momento non faloron co Sr. Carpintero con respecto á cesión do terreo que se precisa na entrada da Nogueira e acordan facelo coa maior brevidade de tempo posible para tratar de concretar a cesión coa intención de investir nesa zona os orzamentos participativos.

No caso de que esta primeira opción non sexa viable contéplase a posibilidade de derivar os orzamentos no Camiño de Castiñeiras, en Soutoxusto.





CONCELLO DE REDONDELA

3.- Información estado de obras realizadas na parroquia do Viso.

A presidenta informa que o proxecto de Valdramón xa está feito e conta cun importe arredor de 500.000€, estamos solicitando os permisos correspondentes e despois buscaremos orzamentos para levalo a cabo.

O saneamento da Nogueiriña está adxudicado a empresa Vale que comenzará as obras en breve.

A presidenta explica que a obra do campo de fútbol vai dacordo ó proxecto e que o contrato ten que asinarse este ano.

4. Rogos e preguntas

Daniel Boulosa Martínez solicita que se expoña unha copia do borrador do PXOM na casa cultural para que os veciños poidan informarse sobre o estado actual do plano. A presidenta facilita nese momento tres copias para expoñer na parroquia e informa sobre a posibilidade de solicitar cita no concello para facer suxerencias ó borrador.

D. José Núñez Iglesias pregunta sobre os orzamentos do ano 2017 e asegura que o traballo non está rematado. A presidenta explica que a obra está finalizada segundo a proposta inicial e invita a consultar as memorias do proxecto no departamento contratación no Concello.

Finalmente acordan visitar o vindeiro venres a obra acompañados polo técnico municipal para tratar de darlle unha solución.

D. Margarita Acevedo Pereira pregunta pola limpeza da zona da Nogueira e a presidenta responde que xa se está traballando niso. Ademais interésase polo estado do valado do parque infantil. A presidenta informa que tratará de solucionar o problema.

D. José Núñez Iglesias interésase polo mantemento do Río Meixueiro. A presidenta toma nota e informará ó concelleiro de Medio Ambiente que é o encargado do asunto.

D. Alberto Couñago Castellano informa dos problemas de auga da marquesina da Nogueira e dos problemas de iluminación, tanto dalgunhas farolas torcidas e tamén lámpadas afundidas. Ponse de manifesto o mal funcionamento das liñas en caso de treboada.

Ante as suxerencias de asfaltado de diversos camiños da parroquia a presidenta informa de que o Concello non pode intervir se esas parcelas non están cedidas ó inventario municipal.

Aprobada definitivamente en sesión ordinaria do 10/02/2020

